



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 24 de abril de 2020

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Abel Losada Álvarez
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e trinta e cinco minutos do día vinte e catro de abril de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(279).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30.01.2020, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(280).- DECLARACIÓN DE IMPOSIBILIDADE TOTAL DE E EXECUCION DO CONTRATO DOS SERVIZOS TÉCNICOS DOCENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES FÍSICO DEPORTIVAS DO PROGRAMA DE “XIMNASIA PRA PERSOAS MAIORES”, COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19. EXPTE. 6471/241.

Dáse conta do informe-proposta de data 22/04/2020 asinado pola Técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e o interventor xeral, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSPP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer freto ao impacto económico e social do COVID-19 (RDL 8/2020).
- Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer frente ao COVID-19.
- Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020, de ampliación do primeiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 14 de marzo de 2020, do terceiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 15 de marzo de 2020, do cuarto paquete de medidas COVID-19.



Concello de Vigo

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 31 de outubro de 2018 acordou adxudicar a A BILLARDA, S.L. o procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físicodeportivas do programa de “Ximnasia para persoas maiores” (17.091-333).

Dito contrato se formalizou na data 29 de novembro de 2018.

Segundo.- En data 12 de marzo de 2020, a Alcaldía do Concello de Vigo, ditou resolución na que, entre outras medidas, acordase o peche ao público de todas as instalacións municipais (apartado 2º), relacionando no seu Anexo as principais instalacións afectadas, sen perxuízo da súa actualización na web municipal.

En resolución da mesma data ampliase o acordo a “todas as áreas de xogo infantil e parques biosaudables, zonas de ocio, tempo libre e deportivas” (apartado 2º) e “as instalacións de AQA Vigo Florida, AQA Vigo Barreiro e MQA Navia, na súa condición de complexos de titularidade municipal”.

Terceiro.- Estas medidas foron confirmadas no Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Publicado este, a Resolución da Alcaldía de 14 de marzo, que no seu apartado 5º acorda “Continuar o peche das instalacións e actividades ao abeiro do establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 13 de marzo de 2020, en substitución do disposto no apartado quinto da Resolución desta Alcaldía de data 13 de marzo de 2020, relativa á ampliación do primeiro paquete de medidas polo COVID-19”.

Cuarto.- Mediante Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, declárase o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Quinto.- O RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, regula no seu artigo 34 as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19.

Sexto.- O Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19 na súa disposición final 1ª engade dos apartados 7 e 8 e modifica os apartados 1, 3 e 6 do artigo 34 do RD-Lei 8/2020.

Sétimo.- En data 3 de abril de 2020, A BILLARDA S.L. presenta no Rexistro electrónico do Concello de Vigo solicitude de declaración de imposibilidade de execución do contrato dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “ximnasia para persoas maiores” (expte: 17091-333) como consecuencia da situación xerada polo coronavirus covid-19.

Octavo- En data 21 de abril de 2020, o xefe do servizo de deportes-director informa o seguinte:

“A mercantil A BILLARDA S.L., presenta con data 03 de abril de 2020 e numero de documento do rexistro do Concello (200047209) unha solicitude de declaración de suspensión do contrato DOS SERVICIOS TÉCNICOS DOCENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES FÍSICO DEPORTIVAS DO PROGRAMA DE “XIMNASIA PARA PERSOAS MAIORES, polo cal procede indicar en relación ós requirimentos solicitados dende ese departamento do “contido dos informes sobre imposibilidade de execución dos contratos como consecuencia da situación xerada polo coronavirus covid-19” o seguinte:

Sobre a relación dos apartados e contidos do informe:

1.- Tipo de contrato:

Expediente: 17091/333 - EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVICIOS TÉCNICOS DOCENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES FÍSICO DEPORTIVAS DO PROGRAMA DE “XIMNASIA PRA PERSOAS MAIORES,

De acordo co disposto na cláusula 2ª do PCAP, este contrato, de natureza administrativa, cualifícase como de servizos (artigo 17 LCSP).

O contrato foi aprobado na sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local celebrada o 31 de outubro de 2018, formalizado o 29 de novembro de 2018, e ten unha duración de dous anos non contemplando posibles prórrogas, tal e como se establece nas cláusulas 4.A e 4.C das FEC do PCAP.

2.- Obxecto do contrato segundo a súa definición no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

De acordo co recollido no PCAP cláusula 3, O contrato terá por obxecto a prestación do servizo sinalado no apartado 2.A das FEC:

A) OBXECTO DO CONTRATO: a prestación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “Ximnasia para persoas maiores”

As actividades do programa de ximnasia para persoas maiores terán lugar, segundo o establecido na cláusula 12 do PCAP, no complexo municipal das Travesas, no Pavillón municipal de Lavadores e no Pavillón municipal de Teis.

3.- Prestacións que abarca o obxecto do contrato definidas no prego de prescricións técnicas particulares (PPT).

O PPTP ademais das obrigas referentes a execución das obras vinculadas á contratación, establece:

A prestación dos servizos técnico docentes, obxecto deste contrato céntranse nas tarefas de coordinación, desenvolvemento técnico docente das actividades físicas e titorías a



Concello de Vigo

desenvolver para o desenvolvemento do programa de “Ximnasia para persoas maiores”, en relación as seguintes peculiaridades:

2.1.- Obxectivos específicos da actividade física a dirixir:

- ✓ *Mellorar a forza e flexibilidade muscular.*
- ✓ *Mellorar a resistencia física aeróbica.*
- ✓ *Mellorar as amplitudes articulares.*
- ✓ *Aumento da capacidade cardio-respiratoria.*
- ✓ *Mellorar a estabilidade, coordinación e equilibrio.*
- ✓ *Mellorar o esquema corporal-postural.*
- ✓ *Mellorar a marcha.*
- ✓ *Mellorar a atención e concentración.*
- ✓ *A nivel psicolóxico: mellorar a autoestima, e mellorar a interrelación con outras persoas.*

O desenvolvemento das clases estará vinculada ao ratio mínimo establecido pola área técnica da Concellería de Deportes, para cada un dos grupos deste programa, podendo ser obxecto de modificación se as circunstancias concorrentes en cada momento así o aconsellan, podendo suspenderse temporalmente a actividade se o número de alumnos non chegase ao mínimo establecido.

2.2.- Responsabilidades do “delegado do contrato” nomeado pola empresa adxudicataria:

Corresponderanlle, entre outras funcións, a organización e supervisión, en todos os seus aspectos, do traballo dos técnicos que impartan as clases obxecto do contrato que entre outros deberá de atender como mínimo os seguintes aspectos:

- Elaboración das Programacións Didácticas a desenvolver durante cada unha das Escolas Deportivas, Ximnasia de Mantemento para Terceira idade e de Mantemento.*
- O control de asistencia e de distribución dos alumnos de cada un dos cursos.*
- A emisión de Informes técnico-pedagóxicos que avalíen o desenvolvemento da actividade dos alumno/as de cada un dos cursos ofertados que o requiran.*
- A emisión de Informes Técnicos sobre o funcionamento cada un dos cursos.*

2.3.- Obrigacións do persoal Técnico-docente:

- a. *Acudir á instalación asignada con puntualidade, respectando os horarios da programación.*
- b. *Respectar as características da actividade (horario e espazo asignado)*
- c. *Planificar as sesións de cada unha das clases.*
- d. *Respectar as indicacións do persoal responsable da instalación*
- e. *Cando por causa de forza maior, algún membro do persoal docente non poida prestar o servizo, comunicarao á empresa coa maior urxencia, para a súa inmediata substitución.*
- f. *O persoal docente impartirá as clases unicamente aos participantes inscritos/as, non permitindo a asistencia a quen non se atopen rexistrados nas listaxes dos grupos programados e participantes admitidos.*
- g. *Manter ao día as listaxes dos participantes, realizando os controis e avaliacións necesarios para constatar o logro dos obxectivos sinalados en cada nivel e idade.*

- h. Deben controlar o uso de vestimenta e calzado deportivo adecuado por parte dos participantes.*
- i. Coidar e salvagardar o material deportivo con que se dote ao servizo, así como recollelo e gardalo correctamente despois de ser utilizado. Ademais deberá comunicar o seu estado e as posibles necesidades de reposición ao seu coordinador directo.*
- j. Dar aviso de calquera anomalía ou dano que aprecie, ben sexa na instalación onde se desenvolvan os programas ou no equipamento a utilizar.*
- k. Ofrecer aos participantes un trato amable e de colaboración nas cuestións que lles sexan expostas.*
- l. Tomar decisións en relación aos protocolos de emerxencia necesarios en relación a calquera incidencia que se produza en relación ás especificacións da actividade a realizar.*
- m. O persoal técnico docente encargarse de trasladar ós usuarios toda a información oportuna en relación ás peculiaridades da actividade a realizar. Así mesmo desenvolverá as tarefas de seguimento e control dos usuario/as, co obxectivo de determinar e/ou avaliar o nivel técnico dos participantes. No caso de que o persoal técnico valorase que un alumno non pode seguir a dinámica da actividade poñendo en perigo a propia integridade física deberá comunicalo á área técnica do Servizo de Deportes, á vez que deberá realizar unha proposta en relación ao cambio de grupo ou á opción de non poder participar do programa.*

2.4.- Establecemento de grados de capacidade para o desenvolvemento da actividade:

- a) En cada bloque horario fórmasese grupo de usuarios clasificados en distintos graos de capacidade, G^ºA, G^ºB, G^ºC. O Coordinador do programa será responsable de valorar as capacidades dos alumnos/as e clasificalos en función das limitacións nun dos tres niveis dos graos de capacidade.*
- b) Para a determinación do grao de capacidade, dita valoración realizarase inicialmente previa á autorización final de inclusión no programa. Esta valoración complementarase ao obrigatorio certificado médico de aptitude para a realización de actividade física, que con carácter obrigatorio deberá presentar cada alumno/a no proceso de inscrición.*
- c) O devandito certificado médico deberá especificar dita aptitude en relación a tres graos G^ºA, G^º,B G^ºC, establecéndose o primeiro como o que mostra maior nivel de aptitude e o terceiro o que cualifica á persoa co grao mais deficiente.*
- d) No proceso de valoración previa, o responsable de coordinación do programa deberá de avaliar o grao de mobilidade do usuario, a súa forza e elasticidade muscular, o grao de equilibrio que posúe, a súa marcha, deformidades e outros datos de interese, todo iso para a inclusión no programa, para asignarlle grupo e para coñecer a evolución do usuario en próximas valoracións.*
- e) En relación ao proceso de valoración, os grupos de traballo deberán ser organizados de maneira que sexan o máis homoxéneos posibles baseándose na valoración funcional, estado cognitivo e valoración do certificado médico.*

2.5.- Desenvolvemento das actividades:

- a. Os exercicios serán de realización sinxela, variados, de carácter funcional e utilitario, cunha adaptación progresiva ao esforzo sempre por baixo do máximo e con períodos frecuentes de recuperación e relaxación.*



Concello de Vigo

b. As actividades son principalmente as seguintes, estando as mesmas nos programas específicos que serán desenvolvidos polos técnico-docentes:

- Exercicios para mellorar a resistencia aeróbica: Xogos dinámicos, desprazamentos en sala, rampla, escaleira.
- Exercicios de flexibilidade e forza: movementos de todas as articulacións, estiramientos, traballo equilibrado dos grupos musculares.
- Exercicios de equilibrio estático e dinámico.
- Exercicios de coordinación: xogos, exercicios con mans, exercicios auditivos e visuais, exercicios de lateralidade.
- Exercicios de velocidade de reacción: cambio de ordes, estimular reflexos, diminuír o tempo empregado nos cambios de posición.
- Exercicios de psicomotricidade: esquema corporal, percepción espazo-temporal, lateralidade.
- Exercicios respiratorios suaves e de relaxación.
- Actividades afectivo-sociais: xogos, actividades lúdicas e recreativas.
- Exercicios con ritmo de expresión e creatividade.
- Actividades de educación sanitaria: ensino de como facer a actividade correctamente, hixiene postural.

2.6.- Seguimento do programa:

- a. Mensualmente a través do coordinador da empresa adxudicataria, remitiranse listaxes dos usuarios que realizaron a actividade, especificando os días de asistencia.
- b. Bimestralmente, realizarase un informe no que se especifique a evolución dos grupos nos que se actúa e a mobilidade dos usuarios con respecto á actividade.
- c. Á finalización do período da actividade realizarase unha memoria sobre o desenvolvemento da prestación.
- d. De cada usuario deberá existir unha ficha persoal para o seguimento da súa actividade, observacións necesarias en relación ao seguimento e avaliación do programa.
- e. O adxudicatario do servizo a través do coordinador do programa notificará á área técnica do Servizo de Deportes, as incidencias que se produzan respecto da incorporación de usuarios, así como as altas e baixas dos mesmos, dentro do tres días seguintes á ocorrencia daquelas.

2.7.- Períodos para o desenvolvemento do contrato e número de grupos e clases:

- a. Datas: Os períodos de clases de ximnasia se desenvolverán entre os meses de outubro e xuño
- b. Número de grupos: 12 grupos,
- c. Número de clases: 2 clases de 45 minutos por grupo.
- d. Titorías por clase: 2 horas mes por grupo.

4.- Identificación das prestacións cuxa execución deveu imposible e xustificación da causa.

A solicitude realizada por A BILLARDA S.L., en relación a imposibilidade de execución do contrato, atopase referenciada unicamente os efectos da obriga indicada polo artigo 34.4 do

Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, sobre a obriga do órgano contratante de indemnizar ao contratista os danos e prexuízos sufridos durante a situación de suspensión do contrato.

A solicitude fai referencia ao concepto de "imposibilidade de contrato", nos termos xa reiterados do artigo 34.4. Dita referencia se identifica sobre a incidencia real das medidas adoptadas polas administracións públicas (local, autonómica e estatal) para combater o estado de alarma e crise sanitaria provocada por COVID-19. Estas medidas implican a obriga do peche das instalacións ao servizo público, e polo tanto é obvio a imposibilidade de prestar o obxecto do contrato na súa condición básica.

O peche total das instalacións deportivas municipais, devén imposible o desenvolvemento das actuacións vinculadas co obxecto do contrato.

5.- Norma que avala esta imposibilidade:

As medidas que teñen unha incidencia directa na solicitude de imposibilidade de execución do contrato aos efectos do artigo 34.4 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo son as seguintes:

a.- Resolución do Alcalde de Vigo do 13 de marzo de 2020, na que se acorda a "AMPLIACIÓN PRIMEIRO PAQUETE MEDIDAS COVID-19", acordando no punto Quinto.- Acordar o peche das instalacións de AQA Vigo Florida, AQA Vigo Barreiro e MQA Navia, na súa condición de complexos de titularidade municipal "

b.- Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio do Comunidade autónoma de Galicia e o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) están activados no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19

Artigo 7 do citado Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 50-bis, do 13 de marzo de 2020, establece o seguinte:

Sétimo. Como medida adicional, non existe acordo do Consello da Xunta de Galicia o 12 de marzo de 2020 e, tendo en conta a evolución da situación, a suspensión da actividade durante 14 días naturais, contado desde a publicación deste acordo no Diario Oficial de Galicia, de todos os establecementos de espectáculos públicos e actividades recreativas incluídas non anexas ao Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación á materia e, nomeada:

(...)

- Pavillóns deportivos
- Locais deportivos
- Pistas de Patinaxe
- Ximnasia



Concello de Vigo

- Piscinas de competición
- Piscinas recreativas de uso colectivo
- (...)

c.- Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria provocada por COVID-19

O Boletín Oficial do Estado do 14 de marzo de 2020 (BOE nº 67, do 14 de marzo de 2020) publicou o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, no que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria provocada por COVID-19, que entrou en vigor no momento da súa publicación. O Real decreto, aplicable en todo o territorio nacional durante un período inicial de quince días naturais, establece a adopción de medidas que, segundo o seu Explicativo, se consideran "esenciais para afrontar a situación".

O artigo 10 do Real decreto 463/2020, referido a "Medidas de contención no ámbito da actividade comercial, instalacións culturais, establecementos e actividades recreativas, actividades de hostalería e restauración, e outras medidas adicionais", establece no apartado 3 o seguinte :

"3. Suspéndese a apertura ao público de museos, arquivos, bibliotecas, monumentos, así como de locais e establecementos onde teñen lugar espectáculos públicos, suspéndense as actividades deportivas e de lecer indicadas no anexo deste real decreto. "

Entre as instalacións deportivas que se inclúen no anexo do Real decreto están "piscinas, centros deportivos, ximnasia e outros locais, instalacións ou actividades similares ás mencionadas".

6. *Descrición da actividade mínima indispensable para evitar prexuízos á hora de reanudar o servizo ou para evitar danos nas instalacións municipais*

Neste contrato, dada a súa natureza e características, non se considera que exista ningunha actividade mínima indispensable que poda executarse para evitar futuros prexuízos á hora de reanudar o servizo ou para evitar danos nas instalacións municipais.

O ámbito das actuacións de xestión que poidan minorar prexuízos futuros poden abarcar, en calquera caso, as medidas adoptadas no ámbito laboral (aplicación da medidas sobre os ERTE e outras).

7. *Proposición de declaración de suspensión total ou parcial e data na que se produce. No caso de que sexa parcial identificación das prestacións que seguen executándose e as que non.*

A referencia ao concepto de "imposibilidade de execución do contrato" nos termos xa reiterados do artigo 34.4, se atopa directamente relacionado coas medidas adoptadas polas administracións públicas (local, autonómica e estatal) as cales implican a obriga do peche total das instalacións ao servizo público, e o

adxudicatario e o responsable de reorganizar a súa estrutura a estes condicionantes, e adoptar todas as medidas organizativas que estime necesarias baixo os principios de eficiencia, eficacia e boa xestión, para poder cumprir con todas a súas obrigas.

En relación á imposibilidade de execución do contrato, tendo certificado que de acordo coa resolución do Alcalde do 13 de marzo, a empresa adxudicataria deixou de desenvolver o programa de ximnasia para maiores.

8.- Incorporar ó expediente o PCAP e o PPT.

Anexáronse a este expediente copias do PCAP e do PPTP, que rexen o presente contrato

Polo exposto, propónse a suspensión total do contrato dende o día 14 de marzo de 2020 por imposibilidade de execución do mesmo de acordo cos condicionantes establecidos no artigo 34.4 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo.”

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

SUSPENSIÓN DE DETERMINADOS CONTRATOS POR IMPOSIBILIDADE SOBREVENIDA DA SÚA EXECUCIÓN COMO CONSECUENCIA DA SITUACIÓN XERADA POLO CORONAVIRUS COVID-19

No artigo 34 RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo regúlanse as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19, entre as que se regula a suspensión total ou parcial daqueles contratos públicos de servizos e de subministro de prestación sucesiva, de concesión de obras e de concesión de servizos vixentes á entrada en vigor do Real Decreto, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público, cuxa execución deveña imposible como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

Dita suspensión terá efectos desde que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación pode reanudarse cando, cesando as circunstancias ou medidas que a viñeran impedindo, o órgano de contratación notificara ao contratista o fin da suspensión.

Asemade cando se produza a suspensión dun contrato público, a entidade adxudicadora deberá aboar ao contratista os danos ou prexuízos efectivamente sufridos por este durante o período de suspensión, previa solicitude e acreditación fehaciente da súa realidade, efectividade e contía polo contratista.

A norma aclara que:

- Non resultará de aplicación a esta suspensión a regulación xeral da suspensión na lexislación de contratos (artigo 208 da LCSP e artigo 220 do TRLCSP).



Concello de Vigo

- Dita suspensión non constituirá en ningún caso causa de resolución do contrato.

O artigo 10.3 do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, suspende a apertura ao público dos museos, arquivos, bibliotecas, monumentos, así como dos locais e establecementos no que se desenvolvan espectáculos públicos, actividades deportivas e de ocio indicados no anexo do devandito Real Decreto.

Consonte as resolucións da alcaldía de data 12 de marzo de 2020, acordase o peche ao público de todas as instalacións municipais relacionando no seu Anexo as principais instalacións afectadas, sen perxuízo da súa actualización na web municipal.

-II-

PROCEDIMENTO PARA A DECLARACIÓN DE IMPOSIBILIDADE DE EXECUCIÓN DOS CONTRATOS COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19

No devandito artigo 34 do RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, regúlase o seguinte procedemento para a declaración de imposibilidade de execución do contratos como consecuencia do coronavirus COVID-19 :

1.- Solicitud: o contratista deberá solicitar dita declaración ao órgano de contratación reflectindo as razóns polas que a execución do contrato deveu imposible; o persoal, as dependencias, os vehículos, a maquinaria, as instalacións e os equipos adscritos á execución do contrato nese momento; e os motivos que imposibilitan o emprego polo contratista dos medios citados noutro contrato.

2.- Resolución: o órgano de contratación dispón dun prazo de 5 días naturais para ditar a resolución na que se aprecie a imposibilidade de execución do contrato como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo. O transcurso de dito prazo sen que a Administración resolva determinará a desestimación da solicitude por silencio. Non entanto, a Administración poderá adoptar unha resolución expresa posterior ao vencemento do prazo non vinculada ao sentido do silencio, tal e como dispón o artigo 24.3.b) da LPAC.

A posterior indemnización de danos e prexuízos deberá solicitala o contratista acompañándoa da documentación acreditativa da súa realidade e contía. So serán indemnizables os danos efectivamente sufridos polo contratista durante o período de suspensión.

A solicitude presentada polo contratista en relación á declaración de imposibilidade de execución do contrato cumpre cos requisitos esixidos na normativa aplicable e foi informada favorablemente polo servizo xestor.

En consecuencia, e de conformidade cos informes obrantes no expediente procede acordar a declaración de imposibilidade total de execución do contrato dos servizos técnico docentes

para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “ximnasia para persoas maiores” (expte: 17091-333) como consecuencia do coronavirus covid-19.

-III-

COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

ACORDO

“1º.- Declarar a imposibilidade total de execución do contrato dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “ximnasia para persoas maiores” (expte: 17091-333) formalizado con “A BILLARDA S.L.” como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19.

2º.- A suspensión terá efectos desde o 14 de marzo de 2020, data na que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(281).- DECLARACIÓN DE IMPOSIBILIDADE TOTAL DE EXECUCION DO CONTRATO DE SERVICIOS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO EN DEPENDENCIAS DA REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS, COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19. EXPTE 6458/241.

Dáse conta do informe-proposta de data 21/04/2020 asinado pola Técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e o interventor xeral, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).



Concello de Vigo

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSF).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer freto ao impacto económico e social do COVID-19 (RDL 8/2020).
- Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.
- Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de marzo de 2020, polo que se adoptan as medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.
- Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020, de ampliación do primeiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 14 de marzo de 2020, do terceiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 15 de marzo de 2020, do cuarto paquete de medidas COVID-19.

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 12 de marzo de 2020, a Alcaldía do Concello de Vigo, ditou resolución na que, entre outras medidas, acordase o peche ao público de todas as instalacións municipais (apartado 2º), entre as que se inclúen os centros obxecto do contrato de servizos de atención ao público: Casa das Artes, Casa Galega da Cultura, Verbum-Casa das Palabras, Pinacoteca FFR e Museo Quiñones de León.

Segundo.- Estas medidas foron confirmadas no Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Publicado este, a Resolución da Alcaldía de 14 de marzo, que no seu apartado 5º acorda “Continuar o peche das instalacións e actividades ao abeiro do establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 13 de marzo de 2020, en substitución do disposto no apartado quinto da Resolución desta

Alcaldía de data 13 de marzo de 2020, relativa á ampliación do primeiro paquete de medidas polo COVID-19”.

Terceiro.- Mediante Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, declárase o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Cuarto.- O RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, regula no seu artigo 34 as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19.

Quinto.- O Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19 na súa disposición final 1ª engade dos apartados 7 e 8 e modifica os apartados 1, 3 e 6 do artigo 34 do RD-Lei 8/2020.

Sexto.- Na data 25 de marzo, Antonio López González, en calidade de delegado do Contrato de servizos de atención ao público nas dependencias da rede de Museos Municipais, presenta no Rexistro electrónico do Concello de Vigo solicitude de declaración de imposibilidade total de execución do contrato do que é adxudicataria, como consecuencia das medidas adoptadas con ocasión da crise do coronavirus COVID-19.

Sétimo.- En data 16 de abril de 2020, o xefe do Servizo de Museos Municipais e o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural informan o seguinte:

“ En data 25.03.2020 SERVICIOS SECURITAS SA, adxudicataria dos servizos de atención ao público en centros da rede de museos do Concello de Vigo (expte 2299-341) presenta escrito a través do Rexistro Electrónico do Concello de Vigo, no que expón o seguinte, que recibiron a comunicación do concello respecto ao peche das instalacións; que non procede solicitar a suspensión da actividade porque a Administración ordenou o peche das instalacións e que a empresa confeccionará factura, recollendo a indemnización por danos e prexuízos recoñecida no artigo 34 do RDL 8/2020, de 17 de marzo.

En data 31.03.2020 o concelleiro-delegado da Área de Cultura, en base ao informe do servizo de Museos, conformado polo Xefe do Servizo de Promoción e Xestión Cultural e pola Secretaria da Administración Local, requeríu á adxudicataria Servicios Securitas S.A para que no prazo de cinco días hábiles contados dende o día seguinte á notificación deste requirimento achegue solicitude de suspensión do contrato reflectindo:

- *Razóns polas que a execución do contrato deveneu imposible*
- *O personal (deberá diferenciarse o personal adscrito ao servizo permanente do persoal servizo adscrito á servizos esporádicos) as dependencias, los vehículos, a maquinaria, as instalaciones e os equipos adscritos á execución del contrato en ese momento*
- *Os motivos que imposibilitan o emprego polo contratista dos medios citados noutro contrato.*

O Concello, efectivamente, comunicou a SERVICIOS SECURITAS SA a Resolución de Alcaldía na que se declara o peche das instalacións dependentes da rede de museos en aras da protección da saúde pública; si ben, como figura no informe da Secretaria da Administración Local: Non obstante dita comunicación non debe identificarse cun acordo de suspen-



Concello de Vigo

sión do contrato nos termos sinalados no artigo 208 da LCSP, toda vez que non consta a adopción de acordo nin acta de formalización da suspensión.

Con data 03.04.2020 a Secretaria da Administración Local emite informe xurídico no que, entre outros aspectos e fundamentos sinala que procede desestimar a solicitude da mercantil Servicios Securitas SA de formalización da acta de suspensión ao abeiro do artigo 208 da LCSP e axustarse ao réxime xurídico de suspensión contractual do artigo 34.1 do RD 8/2020 e a ditos efectos deberá dar cumprimento ao requirimento de data 31.03.2020. Concretamente, segundo dito informe << No resultará de aplicación a las suspensiones a que se refiere el presente artículo lo dispuesto en el apartado 2.a) del artículo 208 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre (...)>> e << A Avogacía do Estado en informe 18.03.2020 determina “El artículo 34 del citado Real Decreto-ley 8/2020 es una norma excepcional, llamada a regular la situación contractual en el sector público durante el estado de alarma. Mientras dure, hay que estar a lo que dicha norma dispone.”

Con data 4.04.2020 o concelleiro-delegado de Cultura, resolveu desestimar a solicitude da mercantil SERVICIOS SECURITAS SA, de data 1.04.2020, de formalización da acta de suspensión ao abeiro do artigo 208 da LCSP e axustarse ao réxime xurídico de suspensión contractual do artigo 34.1 do RD 8/2020, á vista do informe xurídico da Secretaria de Administración Local de data 03.04.2020 e do informe do Servizo de Museos da mesma data; tamén resolveu reiterar á mercantil SERVICIOS SECURITAS SA a emenda de documentación requirida en data 31.03.2020. A citada resolución notifícase á empresa con data 6.06.2020.

Con data 6.04.2020 e 7.04.2020 a empresa Servicios Securitas presenta a través do Rexistro Electrónico a seguinte documentación que denominan:

- LISTADO MARZO PERSONAL RED MUSEOS VIGO*
- CONTESTACIÓN REQUERIMIENTO 1 ABRIL*
- LISTADO MARZO PERSONAL RED MUSEOS VIGO*
- FRA. 653320030043*
- DOCUMENTO FRA DE SUSPENSIÓN*

Revisada dita documentación resulta que a mercantil non xustifica, conforme o sinalado no artigo 34.1 do RD 8/2020, os motivos que imposibilitan o emprego polo contratista dos medios citados noutro contrato, e con data de 14.04.2020 o concelleiro, require á empresa Servicios Securitas S.A. que no prazo de cinco días hábiles contados dende o día seguinte á notificación deste requirimento achegue “os motivos que imposibilitan o emprego do contratista dos medios citados noutro contrato”

O contratista SERVICIOS SECURITAS SA, adxudicatario do contrato de servizos de atención ao público en centros da Rede de Museos Municipais (expte 2299-341), con data de 14.04.2020, solicita a través do Rexistro Electrónico do Concello (doc W427886-4676) acollerse ao réxime de indemnización de danos e prexuízos regulado no artigo 34 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, o que implica que polo órgano de contratación se aprecie a imposibilidade de execución do citado contrato e achega a seguinte documentación:

- instancia a efectos do artigo 34 do RDL 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do Covid-19; na que, entre outras cousas indican que o persoal afecto á prestación deste contrato non puido ser*

reubicada.

- *Relación de persoal adscrito ao servizo “rede de museos municipais do Concello de Vigo” a 14 de marzo de 2020*
- *Relación de recursos materiais e técnicos para a execución do contrato de servizos da rede de museos. Amortización mes.*

No expediente consta diversa documentación achegada pola adxudicataria relacionada co apartado 1 do artigo 34 do RDL 8/2020 (razóns pola que a execución do contrato devén imposible, o persoal e recursos adscritos á execución do contrato nese momento e os motivos que imposibilitan o emprego polo contratista dos medios citados noutro contrato)

O obxecto do contrato segundo a definición do PCAP é “a prestación de servizos xerais de atención ao público (visitantes, usuarios, organizadores de actividades) nas dependencias e na programación da Rede de Museos Municipais, de forma presencial e telemática; así como a coordinación presencial destes servizos.”

O PPT establece as seguintes prestacións do contrato

“2. DEPENDENCIAS.

As dependencias obxecto do contrato serán as seguintes:

- 1.- Museo Municipal “Quiñones de León”. Parque de Castrelos.*
- 2.- Pinacoteca “Francisco Fernández del Riego”. Rúa Abeleira Menéndez, num. 8.*
- 3.- Casa das Artes. Policarpo Sanz, 15.*
- 4.- Casa Galega da Cultura. Praza da Princesa 2*
- 5.- Verbum-Casa das Palabras. Avda. de Samil, 17*
- 6.- Outros espazos diferentes nos que se poidan desenvolver actividades ou servizos adscritos ao Servizo de Museos Municipais (se o volume e características dos servizos de nova adscrición concordasen coas previsións máximas desta contratación).*

3. HORARIOS.

Con carácter xeral, os horarios dos servizos realizaranse dentro dos horarios de apertura ao público dos centros da Rede de Museos Municipais, de acordo coa programación de actividades. Tamén se poderán realizar servizos previstos no contrato dentro dos horarios de funcionamento dos centros (visitas concertadas, preparación de actividades e contidos, información e atención ao público e outros servizos).”

O punto 5 do PPT detalla as características dos servizos de atención ao público a realizar “nas dependencias citadas ou outros lugares de actividade da Rede de Museos Municipais que se determinen”, tanto para os “servizos xerais de atención ao público” como para o “servizo de coordinación”, que nos dous casos teñen carácter presencial.

Dadas as características das prestacións do contrato co peche das instalacións, primeira-mente ao público e posteriormente mesmo para o seu funcionamento, todas as prestacións do contrato de servizos de atención ao público resultan de imposible execución, xa que teñen sentido na medida en que haxa actividades pública nos centros (exposicións temporais, exposicións permanentes, atención a actividades diversas) e o servizo de coordinación resulta necesariamente presencial para a execución do servizo e se ubica en xornada completa nun dos centros actualmente pechados.



Concello de Vigo

En canto a imposibilidade de execución do contrato de “Servizos de atención ao público en centros da rede de museos municipais do concello de Vigo” compre sinalar as medidas adoptadas polas administracións públicas para combater o COVID-19 que teñen incidencia na execución deste contrato

- *Resolución da alcaldía de 12 de marzo de 2020, pola que se acorda o peche ao público das instalacións municipais que se relaciona entre as que se inclúen os centros obxecto do contrato de servizos de atención ao público (no punto 1.2 do Anexo: Casa das Artes, Casa Galega da Cultura, Verbum-Casa das Palabras, Pinacoteca FFR e Museo Quiñones de León)*
- *Resolución da alcaldía de 14 de marzo de 2020 na que se dispón “Continuar o peche das instalacións e actividades ao abeiro do establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 13 de marzo de 2020, en substitución do disposto no apartado quinto da Resolución desta Alcaldía de data 13 de marzo de 2020, relativa á ampliación do primeiro paquete de medidas polo COVID-19.”*
- *Resolución da alcaldía de 15 de marzo de 2020 que dispón “Continuar o peche das instalacións e actividades acordados por resolucións previas desta Alcaldía, ao abeiro do establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 12 de marzo de 2020 e do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19”.*
- *Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. (BOE 14 de marzo 2020).*

Non se considera unha actividade mínima indispensable para evitar prexuízos á hora de reanudar o servizo ou para evitar danos nas instalacións municipais (que non son obxecto deste contrato); polo que se propón a de suspensión total do contrato dende o 14 de marzo de 2020, data efectiva da imposibilidade das prestacións.”

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

SUSPENSIÓN DE DETERMINADOS CONTRATOS POR IMPOSIBILIDADE SOBREVENIDA DA SÚA EXECUCIÓN COMO CONSECUENCIA DA SITUACIÓN XERADA POLO CORONAVIRUS COVID-19

No artigo 34 do RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo regúlanse as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19, entre as que se regula a suspensión total ou parcial daqueles contratos públicos de servizos e de subministro de prestación sucesiva, de concesión de obras e de concesión de servizos vixentes á entrada en vigor do Real Decreto, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público, cuxa execución debeña imposible como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

Dita suspensión terá efectos desde que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación pode reanudarse cando, cesando as circunstancias ou medidas que a viñeran impedindo, o órgano de contratación notificara ao contratista o fin da suspensión.

Asemade cando se produza a suspensión dun contrato público, a entidade adxudicadora deberá aboar ao contratista os danos ou prexuízos efectivamente sufridos por este durante o período de suspensión, previa solicitude e acreditación fehaciente da súa realidade, efectividade e contía polo contratista.

A norma aclara que:

- Non resultará de aplicación a esta suspensión a regulación xeral da suspensión na lexislación de contratos (artigo 208 da LCSP e artigo 220 do TRLCSP).
- Dita suspensión non constituirá en ningún caso causa de resolución do contrato.

O artigo 10.3 do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, suspende a apertura ao público dos museos, arquivos, bibliotecas, monumentos, así como dos locais e establecementos no que se desenvolvan espectáculos públicos, actividades deportivas e de ocio indicados no anexo do devandito Real Decreto.

Consonte as resolucións da alcaldía de datas 12, 14, e 15 de marzo de 2020, acordase o peche ao público da Casa das Artes, a Casa Galega da Cultura, Verbum-Casa das Palabras, a Pinacoteca FFR e o Museo Quiñones de León.

-II-

PROCEDIMENTO PARA A DECLARACIÓN DE IMPOSIBILIDADE DE EXECUCIÓN DOS CONTRATOS COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19

No devandito artigo 34 do RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, regúlase o seguinte procedemento para a declaración de imposibilidade de execución do contratos como consecuencia do coronavirus COVID-19 :

1.- Solicitude: o contratista deberá solicitar dita declaración ao órgano de contratación reflectindo as razóns polas que a execución do contrato deveu imposible; o persoal, as dependencias, os vehículos, a maquinaria, as instalacións e os equipos adscritos á execución do contrato nese momento; e os motivos que imposibilitan o emprego polo contratista dos medios citados noutro contrato.

2.- Resolución: o órgano de contratación dispón dun prazo de 5 días naturais para ditar a resolución na que se aprecie a imposibilidade de execución do contrato como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo. O transcurso de dito prazo sen que a Administración resolva determinará a desestimación da solicitude por silencio. Non entanto, a Administración poderá adoptar unha resolución expresa posterior ao vencemento do prazo non vinculada ao sentido do silencio, tal e como dispón o artigo 24.3.b) da LPAC.

A posterior indemnización de danos e prexuízos deberá solicitala o contratista acompañándoa da documentación acreditativa da súa realidade e contía. So serán indemnizables os danos efectivamente sufridos polo contratista durante o período de suspensión.

A solicitude presentada polo contratista cumpre cos requisitos esixidos na normativa aplicable e foi informada favorablemente polo servizo xestor.



Concello de Vigo

En consecuencia, e de conformidade cos informes obrantes no expediente procede acordar a declaración de imposibilidade total de execución do contrato de servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (expediente 2299-341) como consecuencia do coronavirus covid-19

-III-

COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

ACORDO

“1º.- Declarar a imposibilidade total de execución do contrato de servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (expediente 2299-341) formalizado con SERVICIOS SECURITAS, S.A como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19.

2º.- A suspensión terá efectos desde o día 14 de marzo de 2020, que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(282).- DECLARACIÓN DE IMPOSIBILIDADE TOTAL DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS AUXILIARES NECESARIOS PARA O FUNCIONAMENTO DUN AULA DE ESTUDIO SITO NO EDIFICIO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS, NA AVDA. DE BEIRAMAR, EN VIGO, COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS COVID- 19. EXPTE. 6470/241.

Dáse conta do informe-proposta de data 23/04/2020 asinado pola Técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e o interventor xeral, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento

Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSF).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer freto ao impacto económico e social do COVID-19 (RDL 8/2020).
- Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer frente ao COVID-19.
- Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020, de ampliación do primeiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 14 de marzo de 2020, do terceiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 15 de marzo de 2020, do cuarto paquete de medidas COVID-19.

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria do 1 de outubro de 2019, adjudicou a INTEGRA MANTEMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO o contrato de servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun Aula de estudio sita no Edificio Auditorio -Pazo de Congressos (expdte 23062/332).

Dito contrato se formalizou na data 22 de novembro de 2019 e, ten unha adenda de data 19 de decembro de 2019. O prazo do mesmo é de 2 anos, estando previsto a posibilidade de 3 prorrogas dun ano de duración cada unha.

Segundo.- En data 12 de marzo de 2020, a Alcaldía do Concello de Vigo, ditou resolución na que, entre outras medidas, acordase o peche ao público de todas as instalacións municipais (apartado 2º), relacionando no seu Anexo as principais instalacións afectadas, sen perxuízo da súa actualización na web municipal, entre as que se inclúe a Sala de estudos Mar de Vigo.



Concello de Vigo

Terceiro.- Estas medidas foron confirmadas no Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Publicado este, a Resolución da Alcaldía de 14 de marzo, que no seu apartado 5º acorda “Continuar o peche das instalacións e actividades ao abeiro do establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 13 de marzo de 2020, en substitución do disposto no apartado quinto da Resolución desta Alcaldía de data 13 de marzo de 2020, relativa á ampliación do primeiro paquete de medidas polo COVID-19”.

Cuarto.- Mediante Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, declárase o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Quinto.- O RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, regula no seu artigo 34 as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19.

Sexto.- O Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19 na súa disposición final 1ª engade dos apartados 7 e 8 e modifica os apartados 1, 3 e 6 do artigo 34 do RD-Lei 8/2020.

Sétimo.- En data 13 de abril de 2020, INTEGRRA MANTEMENTO, XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S. L. solicita a través do Rexistro Electrónico do Concello (doc W427784-7717) acollerse ao réxime de indemnización de danos e prexuízos regulado no artigo 34 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, o que implica que polo órgano de contratación se aprecie a imposibilidade de execución do contrato de Servizos auxiliares nos espazos da aula de estudio e da UNED no edificio Auditorio-Pazo de Congressos na avda. de Beiramar en Vigo (expediente 23062-332).

Octavo- En data 22 de abril de 2020, a xefa do servizo de Educación informa o seguinte:

“En data 13 de abril de 2020 a entidade INTEGRRA MANTEMENTO, XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S. L. solicita a través do Rexistro Electrónico do Concello (doc W427784-7717) acollerse ao réxime de indemnización de danos e prexuízos regulado no artigo 34 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, o que implica que polo órgano de contratación se aprecie a imposibilidade de execución do contrato de Servizos auxiliares nos espazos da aula de estudio e da UNED no edificio Auditorio-Pazo de Congressos na avda. de Beiramar en Vigo. (expediente 23062-332)

1. Tipo de contrato e formalización.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria do 1 de outubro de 2019, adxudicou a **INTEGRA MANTEMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO** o Contrato de servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun Aula de estudio sita o Edificio Auditorio -Pazo de Congressos (expdte 23062/332).

O contrato formalizouse en data 22-11-2019 e ten unha adenda de data 19-12-2019. O prazo do mesmo é de 2 anos, estando previsto a posibilidade de 3 prorrogas de un ano de duración cada unha.

Polo seu obxecto é un contrato de servizos segundo o previsto no artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

2. O obxecto do contrato conforme ao PCAP é a prestación dos servizos auxiliares de conserxería, atención ao público, control de accesos, información e pequenas reparacións, necesarios para o funcionamento da Aula de estudio e outros espazos adicados a usos culturais e educativos sitos no edificio Auditorio-Pazo de Congressos na Avda. de Beiramar (Vigo)

3. Prestacións que abarca o obxecto do contrato definidas no prego de prescricións técnicas particulares (PPT).

De conformidade co PPT o servizo comprenderá as seguintes prestacións:

A.- Apertura e peche das instalacións, e atención ás mesmas durante o horario establecido, todo elo en coordinación, no seu caso, co persoal de seguridade. O horario inicialmente previsto será de 9 a 21 horas de luns a domingo. O mesmo poderá ser variado polo Responsable do Contrato incluso en horario nocturno e horas de días festivos, respectando o número máximo de horas anuais.

B.- Acendido e apagado das luces das dependencias e sistema de climatización: vestíbulo, plantas 6º e 5ª, e planta 4ª(aulas UNED, de ser necesario).

C.- Control de acceso ás instalacións mediante a verificación da identidade a través do sistema que se habilite ao efecto, nos períodos que se determine polo Concello de Vigo.

D.- Control das persoas á saída das instalacións, verificando que non se saquen materiais das instalacións.

E.- Atención ao público de forma presencial, telefónica e telemática, axudando aos usuarios a localizar e utilizar convenientemente as instalacións e informando dos servizos que se desenvolven nas mesmas, horarios, dirección, normativa do centro.

F.- Realización de rondas polo salón de estudo para velar polo correcto uso das instalacións e mantemento do silencio por parte dos usuarios.

G.- Coordinación co persoal resto do persoal que preste servizos no inmobile e especialmente no que se refire ao acceso e mobilidade de persoas entre as diferentes plantas das instalacións.

H.- Realización de pequenas labores de mantemento.

I.- Coidar do perfecto estado do material e ferramentas que necesite para realizar as súas funcións.

J.- Rexistro do persoal de mantemento, reparacións, provedores e outros que accedan á instalación.

K.- Colocación do mobiliario (cadeiras, mesas, proxector e similares) segundo as necesidades das actividades.

L.- Manexo dos aparatos electrónicos existentes nas instalacións (pizarras dixitais, proxector...)

M.- Colaborar coa responsable do contrato na organización da distribución e ocupación das aulas e salón de actos en función das actividades programadas.



Concello de Vigo

N.-Elaboración partes de incidencias.

Ñ.- Actualización do taboleiro de anuncios.

O.- Calquera outra tarefa análoga que se lles encomende no marco do obxecto do contrato.

4. Identificación das prestacións cuxa execución deveu imposible e xustificación da causa.

Como consecuencia do peche das instalacións non pode prestarse obxecto principal do referido Contrato que é a atención ao público, control de accesos e información aos usuarios da instalación, o resto das prestacións son complementarias destas polo que tampouco poden prestarse.

Unicamente podería prestarse o servizo de realización de pequenas labores de mantemento, pero está labor xa a realizou a empresa adxudicataria entre os días 14 e 15 de marzo.

5. Medidas adoptadas polas administracións públicas que teñen incidencia na execución deste contrato.

En canto a imposibilidade de execución do referido contrato compre sinalar as medidas adoptadas polas administracións públicas para combater o COVID-19 que teñen incidencia na execución deste contrato.

- Concello de Vigo:

> Resolución da alcaldía de 12 de marzo de 2020, pola que se acorda o peche ao público das instalacións municipais que se relaciona entre as que se inclúe a Sala de estudos Mar de Vigo.

> Resolución da alcaldía de 14 de marzo de 2020 na que se dispón "Continuar o peche das instalacións e actividades ao abeiro do establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 13 de marzo de 2020, en substitución do disposto no apartado quinto da Resolución desta Alcaldía de data 13 de marzo de 2020, relativa á ampliación do primeiro paquete de medidas polo COVID-19."

> Resolución da alcaldía de 15 de marzo de 20 que dispón "Continuar o peche das instalacións e actividades acordados por resolucións previas desta Alcaldía, ao abeiro do establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 13 de marzo de 2020 e do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19".

- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. (BOE 14 de marzo 2020).

No seu artigo 10 suspendese a apertura ao público das bibliotecas, locais cunha gran similitude coas aulas de lectura ou estudo.

6. Descrición da actividade mínima indispensable para evitar prexuízos á hora de reanudar o servizo ou para evitar danos nas instalacións municipais.

Para a reanudación da actividade é necesario un auxiliar en cada quenda de traballo, xa que a prestación normal do servizo é de 9 a 21 horas.

7. Proposición de declaración de suspensión e data na que se produce.

Esta instalación pechouse ao público o día 13 de marzo, e durante os días 14 e 15 de marzo a empresa adxudicataria realizou labores de mantemento, compre sinalar que dentro do

obxecto do contrato inclúense as pequenas reparacións nas instalacións, polo que o peche efectivo da actividade do contrato prodúcese o día 16 no que xa non se realizou ningunha prestación.

Data efectiva da suspensión: 16 de marzo 2020.

O obxecto principal do referido Contrato de servizos auxiliares nos espazos da Aula de Estudio e da UNED no edificio Auditorio-Pazo de Congresos na avda. de Beiramar en Vigo, é a atención ao público, control de accesos e información aos usuarios da instalación. O peche da Sala de estudos e das instalacións da UNED como consecuencia das referidas medidas adoptadas polas administracións públicas para combater o COVID-19 imposibilita totalmente a prestación do servizo xa que non hai usuarios que atender.”

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

SUSPENSIÓN DE DETERMINADOS CONTRATOS POR IMPOSIBILIDADE SOBREVENIDA DA SÚA EXECUCIÓN COMO CONSECUENCIA DA SITUACIÓN XERADA POLO CORONAVIRUS COVID-19

No artigo 34 RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo regúlense as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19, entre as que se regula a suspensión total ou parcial daqueles contratos públicos de servizos e de subministro de prestación sucesiva, de concesión de obras e de concesión de servizos vixentes á entrada en vigor do Real Decreto, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público, cuxa execución debeña imposible como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

Dita suspensión terá efectos desde que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación pode reanudarse cando, cesando as circunstancias ou medidas que a viñeran impedindo, o órgano de contratación notificara ao contratista o fin da suspensión.

Asemade cando se produza a suspensión dun contrato público, a entidade adxudicadora deberá aboar ao contratista os danos ou prexuízos efectivamente sufridos por este durante o período de suspensión, previa solicitude e acreditación fehaciente da súa realidade, efectividade e contía polo contratista.

A norma aclara que:

- Non resultará de aplicación a esta suspensión a regulación xeral da suspensión na lexislación de contratos (artigo 208 da LCSP e artigo 220 do TRLCSP).
- Dita suspensión non constituirá en ningún caso causa de resolución do contrato.

O artigo 10.3 do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, suspende



Concello de Vigo

a apertura ao público dos museos, arquivos, bibliotecas, monumentos, así como dos locais e establecementos no que se desenvolvan espectáculos públicos, actividades deportivas e de ocio indicados no anexo do devandito Real Decreto.

Consonte as resolucións da alcaldía de data 12 de marzo de 2020, acordase o peche ao público de todas as instalacións municipais relacionando no seu Anexo as principais instalacións afectadas, sen perxuízo da súa actualización na web municipal, entre as que se inclúe a Sala de estudos Mar de Vigo.

-II-

PROCEDIMENTO PARA A DECLARACIÓN DE IMPOSIBILIDADE DE EXECUCIÓN DOS CONTRATOS COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19

No devandito artigo 34 do RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, regúlase o seguinte procedemento para a declaración de imposibilidade de execución do contratos como consecuencia do coronavirus COVID-19 :

1.- Solicitud: o contratista deberá solicitar dita declaración ao órgano de contratación reflectindo as razóns polas que a execución do contrato deveu imposible; o persoal, as dependencias, os vehículos, a maquinaria, as instalacións e os equipos adscritos á execución do contrato nese momento; e os motivos que imposibilitan o emprego polo contratista dos medios citados noutro contrato.

2.- Resolución: o órgano de contratación dispón dun prazo de 5 días naturais para ditar a resolución na que se aprecie a imposibilidade de execución do contrato como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo. O transcurso de dito prazo sen que a Administración resolva determinará a desestimación da solicitude por silencio. Non entanto, a Administración poderá adoptar unha resolución expresa posterior ao vencemento do prazo non vinculada ao sentido do silencio, tal e como dispón o artigo 24.3.b) da LPAC.

A posterior indemnización de danos e prexuízos deberá solicitala o contratista acompañándoa da documentación acreditativa da súa realidade e contía. So serán indemnizables os danos efectivamente sufridos polo contratista durante o período de suspensión.

A solicitude presentada polo contratista en relación á declaración de imposibilidade de execución do contrato cumpre cos requisitos esixidos na normativa aplicable e foi informada favorablemente polo servizo xestor.

En consecuencia, e de conformidade cos informes obrantes no expediente procede acordar a declaración de imposibilidade total de execución do contrato de servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun Aula de estudio sita no Edificio Auditorio -Pazo de Congressos (expediente 23062/332) como consecuencia do coronavirus covid-19.

-III-

COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

ACORDO

“1º.- Declarar a imposibilidade total de execución do contrato de servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun Aula de estudio sita no Edificio Auditorio-Pazo de Congresos (expediente 23062/332) formalizado con “INTEGRA MANTEMENTO, XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L” como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19.

2º.- A suspensión terá efectos desde o 16 de marzo de 2020, data na que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(283).- DECLARACIÓN DE IMPOSIBILIDADE DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DE DÚAS PISCINAS CUBERTAS NAS PARCELAS DO PERI-4 BARREIRO II E NA PRAZA CENTRAL DO POLÍGONO I DO PERI II A FLORIDA B, COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19. EXPTE. 6461/241.

Dáse conta do informe-proposta de data 24/04/2020 asinado pola Técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e o interventor xeral, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RS).



Concello de Vigo

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer freto ao impacto económico e social do COVID-19 (RDL 8/2020).
- Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.
- Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de marzo de 2020, polo que se adoptan as medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.
- Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020, de ampliación do primeiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 14 de marzo de 2020, do terceiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 15 de marzo de 2020, do cuarto paquete de medidas COVID-19.
- Prego de cláusulas administrativas particulares do concurso para a adxudicación do contrato de construción e explotación de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI-4 Barreiro e na Praza Central do Polígono I de PERI-II- 12A Florida B, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 18 de decembro de 2006 (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares do concurso para a adxudicación do contrato de construción e explotación de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI-4 Barreiro e na Praza Central do Polígono I de PERI-II- 12A Florida B, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 18 de decembro de 2006 (PPT).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 12 de marzo de 2020, a Alcaldía do Concello de Vigo, ditou resolución na que, entre outras medidas, acordase o peche ao público de todas as instalacións municipais (apartado 2º).

En resolución da mesma data ampliase o acordo a “todas as áreas de xogo infantil e parques biosaudables, zonas de ocio, tempo libre e deportivas” (apartado 2º) e “as instalacións de AQA Vigo Florida, AQA Vigo Barreiro e MQA Navia, na súa condición de complexos de titularidade municipal”.

Segundo.- Estas medidas foron confirmadas no Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Publicado este, a Resolución da Alcaldía de 14 de marzo, que no seu apartado 5º acorda “Continuar o peche das instalacións e actividades ao abeiro do establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 13 de marzo de 2020, en substitución do disposto no apartado quinto da Resolución desta Alcaldía de data 13 de marzo de 2020, relativa á ampliación do primeiro paquete de medidas polo COVID-19”.

Terceiro.- Mediante Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, declárase o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Cuarto.- O RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, regula no seu artigo 34 as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19.

Quinto.- O Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19 na súa disposición final 1ª engade dos apartados 7 e 8 e modifica os apartados 1, 3 e 6 do artigo 34 do RD-Lei 8/2020.

Sexto.- En data 26 de marzo de 2020, D. Celso Manuel Piñeiro Malvar, con DNI 36.068.071T, en nome e representación de AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, S.A., sociedade concesionaria do contrato de CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DE DÚAS PISCINAS CUBERTAS NAS PARCELAS DO PERI-4 BARREIRO II E NA PRAZA CENTRAL DO POLÍGONO I DO PERI II A FLORIDA B (expediente 6.078-333) por acordo da Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) de data 23 de maio de 2007, presenta no Rexistro electrónico do Concello de Vigo solicitude (documento nº 200045133) de declaración de imposibilidade de execución dos contratos de como consecuencia das medidas adoptadas con ocasión da crise do coronavirus COVID-19. Esta solicitude é complementada en escrito presentado rexistro do Concello o 17 de abril de 2020 (documento nº 200049873).

Sétimo.- En data 2 de abril de 2020, a empresa concesionaria, presenta escrito (documento nº 200046814) comunicando a presentación dunha solicitude de autorización de expediente de regulación temporal de emprego, para a suspensión dos contratos e a redución da xornada de parte da plantilla con carácter temporal e por causa de forza maior. No mesmo escrito solicita que *“en el supuesto de que admitiese como medida de compensación a la que tiene derecho el concesionario para el restablecimiento del equilibrio económico del contrato, el pago de los salarios de los trabajadores durante el cese de la explotación, como gastos salariales ordinarios de la concesionaria, se lo notificase de manera expresa a la sociedad concesionaria a la mayor brevedad, a los efectos de que pueda dejar sin efecto el expediente de regulación temporal de empleo (ERTE)”*.

Oitavo.- En data 23 de abril de 2020, o xefe de Deportes-Director deportivo, responsable deste contrato, informa favorablemente a solicitude de declaración de imposibilidade de prestar o servizo consonte ó previsto nos pregos que o rexen por mor da situación xerada polo COVID-19 e indica as prestacións do contrato que deberán manterse durante a crise



Concello de Vigo

para evitar prexuízos á hora de reanudar o servizo e para evitar danos nas instalacións municipais.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Natureza do contrato e lexislación aplicable

O contrato de xestión de servizo público con obra para a construción e explotación de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI-4 Barreiro e na Praza Central do Polígono I de PERI-II- 12A Florida BA, adxudicada por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión de data 23 de maio de 2007, á sociedade concesionaria que constituirían as empresas Gaia G.D., S.L. (50 % de participación) - Movex Vial, S.L. (50% de participación), pode cualificarse como contrato de xestión de servizo público. O contrato formalizouse o 15 de xuño de 2007 coa sociedade AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, S.A.

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RS).

Este contrato é definido pola lexislación contractual que resúltalle de aplicación como aquel mediante o cal as Administracións Públicas encomendan a unha persoa, natural o xurídica, a xestión dun servizo público (artigo 154.1 LCAP).

A súa regulamentación específica está contida no título II do libro II da LCAP e no Regulamento de servizos das corporacións locais. Tamén lle serán de aplicación os preceptos establecidos na LCAP para o contrato de concesión de obras públicas (título V do libro II), por imperativo do artigo 158.2 LCAP, por comprender tamén a execución de obras.

-II-

Do estado de alarma e as súas consecuencias na concesión de servizo público dos complexos deportivos de Barreiro e Florida

O Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, declara o estado de alarma para xestionar a situación de crise sanitaria xerada pola pandemia do coronavirus COVID-2019.

No seu artigo 10.3, referido a "Medidas de contención no ámbito da actividade comercial, instalacións culturais, establecementos e actividades recreativas, actividades de hostalería e restauración, e outras medidas adicionais", impón a suspensión da apertura ó público de locais e establecementos onde teñen lugar espectáculos públicos, actividades deportivas e de lecer indicadas no anexo do real decreto. Este, entre as instalacións deportivas inclúe "piscinas, centros deportivos, ximnasiaos e outros locais, instalacións ou actividades similares ás mencionadas".

Se ben as instalacións obxecto desta concesión xa foran pechadas con carácter previo pola Resolución do Alcalde de Vigo do 13 de marzo de 2020, que dispón no seu punto Quinto "Acordar o peche das instalacións de AQA Vigo Florida, AQA Vigo Barreiro e MQA Navia, na súa condición de complexos de titularidade municipal".

Así mesmo, o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio do Comunidade autónoma de Galicia determina no artigo 7 a suspensión da actividade nas instalacións deportivas.

Á vista da normativa citada, foi preciso que o concesionario procedese ó peche das instalacións ó público. Informa ó respecto o responsable do contrato que *"a concesionaria procedeu ao peche das instalacións AQA Florida e AQA Barreiro ó uso público a partir das 21,00 horas do venres día 13 de marzo de 2020, non permitindo o acceso as mesmas, e dende o día 14 de marzo, as instalacións permanecen pechadas ao público na súa totalidade"*.

-III-

Da imposibilidade de execución do contrato consonte ó previsto nos pregos como consecuencia do coronavirus COVID-19

O Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19 recolle no seu artigo 34 medidas en materia de contratación pública.

Este, no seu apartado 4, determina que no caso de que as medidas adoptadas polo Estado, as comunidades autónomas ou as Administracións locais para combater a situación creada polo COVID-19 afecten á execución dos contratos de concesión de obras ou servizos, como a presente, só procederá acordar o reequilibrio económico do contrato, cando o órgano de contratación, a instancia do contratista, apreciase a imposibilidade de execución do contrato (artigo 34.4).

Este precepto determina dúas formas de reequilibrio contractual:

- A ampliación da súa duración inicial ata un máximo dun 15 por 100.
- A modificación das cláusulas de contido económico incluídas no contrato.

Así como os conceptos a indemnizar:

- A perda de ingresos.



Concello de Vigo

- O incremento de custes. Nestes se considerarán incluídos os posibles gastos salariais adicionais, respecto ós previstos na execución ordinaria, que efectivamente abonen durante o período de duración da situación de feito creada polo COVID-19.

Para proceder á compensación é preciso o cumprimento dos seguintes requisitos:

- A presentación dunha solicitude de reequilibrio económico polo contratista.
- Que o contratista acredite fehaciente a realidade, efectividade e importe de ditos gastos.
- Que o órgano de contratación, a instancia del contratista, apreciase a imposibilidade de execución do contrato como consecuencia da situación xerada polo COVID e as medidas adoptadas con ocasión do mesmo.

A solicitude presentada polo contratista cumpre cos requisitos esixidos na normativa aplicable e foi informada favorablemente polo servizo xestor.

En consecuencia, e de conformidade cos informes obrantes no expediente procede acordar a declaración de imposibilidade de execución do contrato de CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DE DÚAS PISCINAS CUBERTAS NAS PARCELAS DO PERI-4 BARREIRO II E NA PRAZA CENTRAL DO POLÍGONO I DO PERI II A FLORIDA B consonte ó previsto nos pregos que rexen este contrato, aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de decembro de 2006, desde o 14 de marzo de 2020, a consecuencia das medidas aprobadas polas autoridades durante a situación xerada pola pandemia do coronavirus COVID-2019.

No entanto, nos atopamos ante un contrato con múltiples prestacións, unhas relativas a prestación do servizo público ós cidadáns e outras relativas ó mantemento das instalacións. Polo tanto, aínda que os complexos deportivos permanezan pechados ó público é necesario que concesionario continúe realizando determinadas prestacións para evitar prexuízos á hora de reanudar o servizo e para evitar danos nas instalacións municipais. Informa ó respecto o concesionario o seguinte:

“Apartado 3.2.4 del PPT referido al Proyecto de Gestión:

- *“Programa de actividades e deportivo, cun plan de utilización de instalacións, actividades a desenvolver durante todo o periodo de concesión”
Debido a la orden de cierre y suspensión de la actividad, se paralizan y cesan todas las actividades presenciales recogidas en el programa de actividades y programa deportivo, no pudiendo ser utilizadas las diferentes instalaciones de la concesión y no poder acudir los usuarios, sin la posibilidad de cobrar por unos servicios que no se pueden impartir.
Desde el cese de la actividad el día 14 de marzo de 2020, fecha en la que se cierran las instalaciones y se cesa totalmente la actividad en los complejos, la sociedad concesionaria no percibe ningún ingreso.
Hay que indicar que el “Plan económico e financeiro da concesión” se ha visto totalmente alterado y gravemente afectado, como es obvio, al no disponer la - 2 -sociedad concesionaria de ningún ingreso desde el 14 de marzo, teniendo que soportar en todo caso los costes fijos operativos y el pago de la deuda de la inversión.*
- *“Sistema de control de calidade do servizo”*

Todos los procesos de control de calidad de servicio se han anulado desde la suspensión al no prestarse el servicio. Únicamente se mantiene comunicación de carácter informativo con los usuarios en relación a la compensación de la parte proporcional de la cuota del mes de marzo, y la congelación de los recibos siguientes al no poder prestar el servicio.

➤ *“Plan de mantenimiento detallado”*

Las actuaciones de mantenimiento planificadas en el marco del contrato para la fase de explotación de los complejos se ha visto alterada en la medida en que no se realiza ninguna actividad en los mismos, por lo que no existen actuaciones de mantenimiento contractuales relacionadas con la actividad de explotación. No obstante, como se indicó anteriormente, AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA S.A.U. está acometiendo las acciones específicas indispensables propias de esta situación que permitan mantener las instalaciones y la actividad de los complejos deportivos y sus usuarios en condiciones aptas para la reanudación del servicio público en cuanto sea posible.

A tal efecto, se distinguen tres periodos desde el cierre de las instalaciones hasta la fecha de presentación de este escrito:

- Del 14 al 30 de Marzo, para evitar situaciones de riesgo derivadas del COVID-19, los dos técnicos que desarrollan esta actividad se turnan de manera que se alternan con 1 técnico de vacaciones y otro trabajando por cuestiones de seguridad para realizar revisiones diarias de la instalación, mantener el agua en parámetros adecuados para no tener que cambiar toda el agua en la apertura y el coste adicional que ello supondría; realizar las correspondientes tareas de obligado cumplimiento del reglamento sanitario contra la legionella (y así evitar retrasos en la reapertura tras la finalización del estado de emergencia), reducir el funcionamiento de horarios de climatizadoras, iluminación, depuración, etc al mínimo necesario (para evitar gastos adicionales innecesarios, reducir coste energético, evitar cambios de filtros no necesarios y mantener el estado de las instalaciones en las condiciones idóneas para el momento de la reapertura).*
- Del 31 de Marzo al 12 de Abril, debido a la regulación fijada por el Real Decreto-ley 10/2020, el personal asignado a estas acciones realiza telegestión desde su casa, únicamente acudiendo al centro en caso de detectar una avería que sea necesario corregir in situ.*
- Del 13 de Abril al 16 de abril, se mantiene la situación anterior de alternancia en las revisiones diarias.*
- A partir del 17 de Abril, solo un técnico se queda contratado para la realización de estas funciones de supervisión.*

La empresa asume el coste íntegro de todas las actuaciones y de los trabajadores.

Apartado 3.2.5. PPT, Programa deportivo y de actividades: El programa habitual y por el que abonan sus cuotas los usuarios de los complejos no se puede realizar debido al cierre ordenado y suspensión total derivada de la situación de alarma, tanto las de uso libre, cómo de reserva de espacios, entradas libres, etc.

Apartado 3.2.6. PPT Programa de Mantenimiento: Tal cómo se explicó anteriormente, se realizan las labores mínimas obligatorias que requiere el reglamento técnico sanitario de la Xunta de Galicia con la instalación cerrada, y el



Concello de Vigo

reglamento técnico contra la Legionella, además de todas las demás mencionadas que tienen por objeto la buena conservación del edificio y aquellas labores de supervisión y control necesaria para evitar costes adicionales innecesarios cuando se supere esta situación temporal y sea necesario reanudar el servicio público, cumpliendo con la diligencia que corresponde al concesionario titular del contrato, si bien con las restricciones que resultan de la situación de cierre total de las instalaciones.

El servicio de limpieza se encuentra suspendido y se retomará, a la vista de las fechas actualmente previstas, 3 días antes de la reapertura para un repaso general. Si se procedió por parte del personal de mantenimiento a desinfectar la instalación con disolución de cloro y agua, y se está estudiando con empresas externas alternativas de desinfección con ozono una vez se ponga en marcha la instalación. En cuanto al servicio de vigilancia se mantiene todo el operativo en funcionamiento a través de la empresa subcontratada que telegestiona la seguridad y mantenimiento de los equipos a través del equipo de intrusismo y las cámaras de videovigilancia”.

Podemos concluir que é necesario continuar executando das prestacións previstas na cláusula 3 do PPT aquelas citadas pola empresa no seu escrito de 17 de abril de 2020 como necesarias para garantir o mantemento das instalacións, pois así o refrenda o informe técnico do responsable do contrato.

É preciso neste punto traer a colación o escrito do contratista de data 2 de abril de 2020 (documento nº 200046814) no que solicita que se lle indique se como compensación para reequilibrar o contrato procederase ó aboamento dos salarios dos seus traballadores durante período en que permaneza pechada a instalación.

Tal e como se manifestou, o artigo 34.4 RDL-8 permite para reequilibrar o contrato ou ben unha ampliación da súa duración inicial ou ben a modificación das cláusulas de contido económico, sendo os conceptos a indemnizar os recollidos no seu parágrafo segundo que di:

“Dicho reequilibrio en todo caso compensará a los concesionarios por la pérdida de ingresos y el incremento de los costes soportados, entre los que se considerarán los posibles gastos adicionales salariales que efectivamente hubieran abonado, respecto a los previstos en la ejecución ordinaria del contrato de concesión de obras o de servicios durante en el período de duración de la situación de hecho creada por el COVID-19. Solo se procederá a dicha compensación previa solicitud y acreditación fehaciente de la realidad, efectividad e importe por el contratista de dichos gastos.”

-IV-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

ACORDO

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Declarar a imposibilidade de execución da concesión de servizo público de CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DE DÚAS PISCINAS CUBERTAS NAS PARCELAS DO PERI-4 BARREIRO II E NA PRAZA CENTRAL DO POLÍGONO I DO PERI II A FLORIDA B (6.078-333), adxudicado a AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, S.A., consonte ó previsto nos pregos que rexen este contrato, aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de decembro de 2006, desde o 14 de marzo de 2020, a consecuencia das medidas aprobadas polas autoridades durante a situación xerada pola pandemia do coronavirus COVID-2019.

2º.- Manter das prestacións previstas na cláusula 3 do PPT aquelas necesarias para garantir un adecuado mantemento das instalacións e para evitar prexuízos á hora de reanudar o servizo informadas favorablemente polo responsable do contrato segundo o disposto no fundamento xurídico III deste informe.

3º.- Comunicar a AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, S.A., con relación ó seu escrito de data 2 de abril de 2020 (documento nº 200046814) que o artigo 34.4 do RDL-8 permite para reequilibrar o contrato ou ben unha ampliación da súa duración inicial ou ben a modificación das cláusulas de contido económico, sendo os conceptos a indemnizar os recollidos no seu parágrafo segundo.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(284).-DECLARACIÓN DE IMPOSIBILIDADE DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO NOVO COMPLEXO DEPORTIVO DE NAVIA, COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19. EXPTE. 6460/241.

Dáse conta do informe-proposta de data 24/04/2020, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e o interventor xeral, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSF).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).



Concello de Vigo

- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer freto ao impacto económico e social do COVID-19 (RDL 8/2020).
- Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.
- Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de marzo de 2020, polo que se adoptan as medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.
- Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020, de ampliación do primeiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 14 de marzo de 2020, do terceiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 15 de marzo de 2020, do cuarto paquete de medidas COVID-19.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da xestión de servizo público mediante concesión para a construción, xestión e explotación do complexo deportivo de Navia por procedemento aberto, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 8 de agosto de 2013 (PCAP).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 12 de marzo de 2020, a Alcaldía do Concello de Vigo, ditou resolución na que, entre outras medidas, acordase o peche ao público de todas as instalacións municipais (apartado 2º).

En resolución da mesma data amplíase o acordo a “todas as áreas de xogo infantil e parques biosaudables, zonas de ocio, tempo libre e deportivas” (apartado 2º) e “as instalacións de AQA Vigo Florida, AQA Vigo Barreiro e MQA Navia, na súa condición de complexos de titularidade municipal”.

Segundo.- Estas medidas foron confirmadas no Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Publicado este, a Resolución da Alcaldía de 14 de marzo, que no seu apartado 5º acorda “Continuar o peche das instalacións e actividades ao abeiro do establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 13 de marzo de 2020, en substitución do disposto no apartado quinto da Resolución desta

Alcaldía de data 13 de marzo de 2020, relativa á ampliación do primeiro paquete de medidas polo COVID-19”.

Terceiro.- Mediante Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, declárase o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Cuarto.- O RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, regula no seu artigo 34 as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19.

Quinto.- O Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19 na súa disposición final 1ª engade dous apartados 7 e 8 e modifica os apartados 1, 3 e 6 do artigo 34 do RD-Lei 8/2020.

Sexto.- En data 26 de marzo de 2020, D. Celso Manuel Piñeiro Malvar, con DNI 36.068.071T, en nome e representación de MQA NAVIA, S.L.U., sociedade concesionaria do contrato de XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO NOVO COMPLEXO DEPORTIVO DE NAVIA POR PROCEDIMENTO ABERTO (12.242-333) por acordo da Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) de data 7 de marzo de 2014, presenta no Rexistro electrónico do Concello de Vigo solicitude (documento nº 200045133) de declaración de imposibilidade de execución dos contratos de como consecuencia das medidas adoptadas con ocasión da crise do coronavirus COVID-19. Esta solicitude é complementada en escrito presentado rexistro do Concello o 17 de abril de 2020 (documento nº 200049990).

